

O Concello de Boqueixón crea a Mesa Local contra a Violencia de Xénero

O Pleno de Boqueixón aprobou por unanimidade na sesión de setembro a constitución da Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero. Esta iniciativa encádrase dentro do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón (2018-2022), que na súa Área 8 contempla a creación de dita Mesa dentro das súas Medidas para impulsar unha rede municipal de protección e de actuación nos casos de denuncias.

Neste ente están integrados os Concellos de Touro e Vedra, toda vez que contan con convenios de colaboración para prestar o servizo do Centro de Información á Muller acreditado en Boqueixón. Segundo explica a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ana María Seijo, “este novo organismo terá como obxectivo promover a nivel



Intre da sesión plenaria ordinaria de setembro, primeira en ser grabada e que se poderá visionar a través da web municipal

local actuacións para erradicar a violencia de xénero, así como contribuír á mellora da coordinación entre todas as institucións para tratar de eliminar a violencia machista e ofrecer unha mellor atención ás vítimas”.

Composición

A Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xé-

nero estará presidida polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, ou o/a concelleiro/a en quen delegue. A Secretaría correrá a cargo da directora do CIM boqueixanés, Cristina Carbajales. Ademais, o novo ente contará con oito vogalías: a propia concelleira de Servizos Sociais e Igualdade boqueixanesa; persoal do CIM; persoal

dos servizos sociais de Boqueixón, Touro e Vedra; representante da Garda Civil; representante da Subdelegación do Goberno; representantes dos centros educativos (CPI Antonio Orza Couto; CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas; CPI Plurilingüe de Vedra; CEIP Ortigueira e CPI Fonte Díaz de Touro), e representantes dos Centros de Saúde.

Comeza a gravación dos Plenos que se poderán ver na web

O Concello de Boqueixón iniciou a gravación dos Plenos coa sesión ordinaria de setembro. “A veciñanza de Boqueixón poderá ver as sesións plenarias do Concello de Boqueixón. Damos, así, un paso máis cara a trans-

parencia da xestión municipal”, asegura o alcalde, Manuel Fernández Munín. Os arquivos de vídeo correspondentes ás sesións plenarias poderanse ver a través da web municipal, xunto coa acta pertinente.

No Pleno de setembro

tamén se deu luz verde á incorporación do novo concelleiro de Veciñ@s de Boqueixón, Iván Eirís, en substitución de Perfecto Barcala, que formalizou a súa dimisión no pleno de xullo, logo de case unha década como concelleiro.

Por outra banda, a Corporación aprobou por unanimidade a posta en marcha dun proxecto servizos enoturísticos no lugar de Pousada e a incorporación dunha senda peonil a carón da estrada que leva ao Pico Sacro.

Capturadas máis dun milleiro de raíñas de vespa velutina 'cazadas' a través da campaña do Concello

A campaña *Axúdanos a loitar contra a velutina*, promovida polo Concello de Boqueixón, facilitou a captura de máis dun milleiro de raíñas de vespa velutina. "Estes resultados non serían posibles sen a colaboración da veciñanza", indica o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, quen agradece "os esforzos realizados" por parte de todas as persoas que colaboraron no desenvolvemento desta iniciativa para reducir o impacto desta especie invasora.

A campaña deu comezo a finais do pasado mes de abril coa entrega de preto de 100 trampas para vespa velutina que se repartiron entre os veciños e veciñas. Dende Protección Civil prestaron a súa colaboración para realizar un seguimento de ditas trampas. Esta primeira fase da campaña concluíu coa captura de máis de 1.000 raíñas



Unha das trampas para vespa velutina que o Concello entregou á veciñanza

desta especie invasora. "A media de capturas foi de entre 10 e 15 raíñas por trampa colocada durante a primavera", concreta o rexedor.

Durante os meses estivais, o Concello de Boqueixón recibiu "entre dous e tres avisos diarios para realizar a retirada de niños en distintas parroquias". Unhas medidas que se reforzan co labor da veciñanza que tamén levou a cabo a retirada de

varios niños de vespa velutina nos seus terreos. No conxunto do verán foron arredor dun cento os niños retirados en distintos puntos do municipio.

Aínda que agora comeza a época de hibernación das vespas velutinas, dende o Concello lembran á veciñanza que se atopan calquera niño se poñan en contacto con Protección Civil ou que chamen ao 062 para que se proceda á súa retirada.

Adxudicado o centro sociocomunitario de Sergude

O Concello de Boqueixón vén de adxudicar o proxecto de acondicionamento do futuro centro sociocomunitario de Sergude. Esta actuación conta cun orzamento de 202.000 euros.

Os traballos, que comezarán en breve, compren-

derán a adecuación das instalacións para persoas de mobilidade reducida, facéndoa totalmente accesibles. Ademais, acometeranse melloras nas condicións acústicas e térmicas do local coa incorporación tamén dunha nova instalación de climatiza-

ción e a substitución e mellora de portas e fiestras.

As actividades que se desenvolven no centro de Sergude trasladaranse a outros puntos. No caso do programa de prevención da dependencia, as sesións desenvolveranse no local social de Vigo.

Lestedo, O Forte e Sergude contarán con fibra óptica a finais deste ano

Os núcleos de Lestedo, O Forte e Sergude contarán con fibra óptica a finais deste ano. Este servizo chegará de man de dúas operadoras que apostaron por estender a súa rede no municipio.

Segundo explica o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, "no caso de Lestedo a fibra óptica chegará ao núcleo urbano de Lestedo, ofrecéndose o acceso á Internet de alta velocidade a preto de medio milleiro de veciños e veciñas. Dende o Concello estamos a realizar todas as xestións precisas para conseguir que este servizo poida chegar a máis lugares", explica.

A esta importante ampliación do servizo únese a extensión da fibra óptica ao polígono de Sergude, coa mellora da conectividade das empresas nel instaladas. Tamén a finais de ano se ampliará a rede de fibra óptica no lugar de O Forte, mellorando a conexión nos edificios públicos, ademais de ofrecer este servizo ás vivendas da zona.

Finalmente, e aproveitando a instalación do internet de alta velocidade na Escola Unitaria de Camporrapado, o Concello de Boqueixón tentará que poida habilitar unha zona WiFi na Casa da Cultura desta parroquia co fin de facilitar este servizo á veciñanza.



Máis de 150 nenos e nenas no Verán Activo

Máis de 150 rapaces e rapazas de Educación Infantil e Primaria participaron no Verán Activo, o programa de conciliación do Concello de Boqueixón para os

meses de xullo e agosto. Unha iniciativa que se levou a cabo nas instalacións deportivas de O Forte, onde se desenvolveron distintas actividades para cubrir o tem-

po de lecer dos pequenos e pequenas do municipio.

Entre as actividades, figuran actividades deportivas, así como obradoiros de manualidades, excursións

e propostas acuáticas. Un programa desenvolvido de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

A xornada final celebrouse cunha gran festa.

20 mozas e mozas do Val do Ulla participan no Galeuropa

Un total de 20 mozos e mozas están a realizar prácticas en empresas en Cork, Sicilia e Malta a través do programa de mobilidade xuvenil Galeuropa. Estas prazas foron ofertadas polos Concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces contando con moi boa acollida.

Esta iniciativa permite aos participantes iniciar a

súa andadura laboral realizando prácticas empresariais ata o próximo 30 de novembro. Ademais desta vantaxe, o programa Galeuropa cubre a manutención, a viaxe, o seguro, o aloxamento e tamén preparación lingüística.

Unha completa experiencia para mellorar o perfil profesional das persoas mozas participantes.



Participantes no programa de mobilidade xuvenil Galeuropa

O CIM boqueixanés ofrece unha charla sobre solo pélvico

O CIM de Boqueixón organiza a charla-obradoiro Descubre o teu solo pélvico. A actividade, que dirixirá a fisioterapeuta especialista en uroxiocoloxía e obstetricia, M^a Carmen Souto García, terá lugar o 20 de outubro ás 18.00 horas no ximnasio municipal.

A actividade é de grauíta, previa inscrición no CIM, no 981 513 106 ou en cim@boqueixon.com.

'A Cociña con Ivana Souza', o venres 26

A chef e sumiller Ivana Souza organiza un novidoso taller o venres 26 de outubro. As inscricións deben realizarse por WhatsApp no 652725702 ou no email ivanaiglesias@hotmail.com. Pendente confirmar ubicación e prezo (inclúe cea).

O VI Concurso de foto 'Paisaxes de Boqueixón' reparte 350 en premios

O Concello de Boqueixón ten en marcha o VI Concurso de Fotografía Paisaxes de Boqueixón. O seu principal obxectivo é fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural e etnográfica do municipio.

O certame está aberto ao público en xeral e cada participante poderá presentar ata un máximo de 3 fotografías. A temática das imaxes deberanse tomar no municipio de Boqueixón e centraranse en aspectos como a riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística. O prazo de envío das propostas finalizará o próximo 2 de novembro.

O xurado do VI Concurso de Fotografía Paisaxes de Boqueixón seleccionará 12 imaxes. Estas utilizaranse para elaborar o calendario do 2019 que edita o Concello.

Ademais, desta escolma



Imaxe anunciadora do certame fotográfico do Concello de Boqueixón

inicial sairán as tres instantáneas vencedoras. Os premios entregaranse en forma de vales de compra que se poderán canxear en calquera establecemento

do municipio boqueixonés. O primeiro premio estará dotado cun vale de 200 €; o segundo, cun vale de 100 €, e o terceiro, cun vale de 50 euros.

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Sábado
20

Charla-Obradoiro sobre solo pélvico
Ximnasio Municipal O Forte
18.00 horas
Entrada de balde
Inscricións no CIM. Máis info, cim@boqueixon.com ou no 981 513 106.

Visita 2º día: San Sebastián
Visita 3º día: Bilbao
Prazas limitadas e por orde de inscrición. Requírese grupo mínimo.

representa a obra 'Urxencias'.

e en novembro...

24, 25
e 26

Boqueixón en ruta: País Vasco
Prezo: 190 €
Visita 1º día: Laredo

Domingo
28

Ciclo Teatro Outono
Casa Cultura Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
O Grupo de teatro de maiores de Boqueixón

Domingo
4

Ciclo Teatro Outono
Casa da Cultura de Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
O Grupo de teatro Licor Café presenta 'Dous ligues para unha noite'.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com